

23.3.2018|Campamentos polideportivos Príncipe Felipe para o ano 2018

Normativa

BASES PARA OS CAMPAMENTOS POLIDEPORTIVOS PRÍNCIPE FELIPE PARA O ANO 2018 (BOPPO nº 37 do 21/2/2018)

Folleto informativo

Obxecto

A Deputación provincial de Pontevedra, co obxecto de promover e fomentar o desenvolvemento persoal e social dos rapaces que favoreza á vez a comunicación e o dinamismo multicultural entre eles, oferta para o **ano 2018** os campamentos polideportivos Príncipe Felipe, un proxecto lúdico e educativo que inclúe a programación e o desenvolvemento de actividades relacionadas coa natureza, deportes, aire libre, xogos e calquera outra que contribúa a ese obxectivo.

O campamento incorpora actividades lúdicas, coma saídas ao medio natural, tiro con arco, actividades acuáticas ou obradoiros

As actividades realizaranse nas instalacións do Centro Príncipe Felipe, propiedade do organismo provincial, situado na avda. Montecelo, 12, Pontevedra. Os campamentos distribuiranse en seis quendas que terán lugar nas seguintes datas:

- Primeira quenda: do 9 ao 14 de xullo
- Segunda quenda: do 16 ao 21 de xullo
- Terceira quenda: do 23 ao 28 de xullo
- Cuarta quenda: do 6 ao 11 de agosto
- Quinta quenda: do 13 ao 18 de agosto
- Sexta quenda: do 20 ao 25 de agosto

Destinatarios

Rapaces que teñan o seu domicilio habitual en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra, nados entre os anos 2004 e 2011, ambos os dous incluídos.

No caso de que o solicitante precise apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional deberá facelo constar na folla de inscrición, especificando o máis posible as súas necesidades especiais. Neste caso, recoméndaselles ás familias que se poñan en contacto coa Deputación para a valoración das necesidades de apoio.

Documentación

- **Formulario de solicitude** cos datos da unidade familiar. Indicaranse os datos do neno ou nenos (irmáns) que queiran ir xuntos ao campamento, por orde de prioridade, da 1.^a á 6.^a quenda. Se os irmáns queren ir en quendas separadas deberase cubrir unha solicitude por neno, pero non se pode asegurar que, de conseguiren praza, saian en quendas separadas.
- Folla de inscrición, na que se deben cubrir os datos do neno, xunto cos seus datos médicos (alerxias, enfermidades e outras, especificando as enfermidades infectocontaxiosas que os responsables do campamento deberán ter en conta á hora de tratar os menores).
- Fotocopia do DNI do pai/nai ou tutor/a.
- Fotocopia do DNI do menor ou, no caso de que non o teña, do libro de familia.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria ou do seguro médico privado do/da menor.
- Certificado ou volante de empadramento.
- Fotocopia do libro de vacinas do menor.

Lugar de presentación

- Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (luns a venres)
- Oficina periférica de Vigo: rúa Oporto, 3 (luns a venres)
- En calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP.

Prazo:

Empezará ao día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o día 23 de marzo de 2018.

Do 23 de febreiro ao 23 de marzo de 2018.

[Imprimir](#)
